



Proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo de xestión da Administración xeral e corpo facultativo de grao medio da Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao Grupo II, do V convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico.

Proba tipo test

MODELO A

NON abra o examen ata que se lle indique

1. Segundo o artigo 1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, só mediante lei, e nas condicións establecidas neste artigo, poderán incluírse no procedemento administrativo:

- a) Trámites adicionais ou distintos aos recollidos nesta lei.
- b) Especialidades do procedemento referidas a formas de iniciación e terminación.
- c) Especialidades do procedemento referidas a publicación.

2. Segundo o artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as comunidades autónomas poderán realizar copias auténticas:

- a) Mediante funcionario habilitado ou mediante actuación administrativa automatizada.
- b) Mediante funcionario habilitado, pero non mediante actuación administrativa automatizada.
- c) Mediante calquera funcionario, sen necesidade de habilitación.

3. De conformidade co indicado no artigo 24 da Lei 39/2015, nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, sen prexuízo da resolución que a Administración debe ditar na forma prevista no apartado 3 deste artigo, o vencemento do prazo máximo sen notificarse resolución expresa:

- a) Lexitima o interesado ou interesados para entendela desestimada por silencio administrativo, excepto nos supostos nos que unha norma con rango de lei ou unha norma de dereito da Unión Europea ou de dereito internacional aplicable en España establezan o contrario.
- b) Lexitima o interesado ou interesados para entendela estimada por silencio administrativo, excepto nos supostos nos que unha norma con rango de lei ou unha norma de dereito da Unión Europea ou de dereito internacional aplicable en España establezan o contrario.

- c) Lexitima o interesado ou interesados para entendela estimada por silencio administrativo, mesmo aínda cando unha norma con rango de lei ou unha norma de dereito da Unión Europea ou de dereito internacional aplicable en España establezan o contrario.

4. Segundo o artigo 29 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os termos e prazos establecidos nesta ou noutras leis obrigan:

- a) Só ás autoridades e ao persoal ao servizo das administracións públicas competentes para a tramitación dos asuntos.
- b) Só aos interesados na tramitación dos asuntos.
- c) Ás autoridades e ao persoal ao servizo das administracións públicas competentes para a tramitación dos asuntos, así como aos interesados nestes.

5. De conformidade co previsto no artigo 13 da Lei 39/2015, os que de conformidade co artigo 3 teñen capacidade de obrar ante as administracións públicas son titulares, nas súas relacións con elas, dos seguintes dereitos (sinale a resposta incorrecta):

- a) Ao acceso á información pública, arquivos e rexistros, de acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e no resto do ordenamento xurídico.
- b) A ser asistidos no uso das linguas oficiais no territorio da súa comunidade autónoma, de acordo co previsto nesta lei e no resto do ordenamento xurídico.
- c) A comunicarse coas administracións públicas a través dun punto de acceso xeral electrónico da Administración.

6. O artigo 6 da Lei 39/2015 establece que os poderes inscritos no rexistro terán unha validez determinada e, en calquera momento antes da finalización do devandito prazo, o outorgante poderá revogar ou prorrogar o poder. As

prórrogas concedidas polo outorgante do poder ao rexistro terán unha validez determinada:

- a) Máxima de 1 ano computable desde a data de inscrición.
- b) Máxima de 5 anos computables desde a data de inscrición.
- c) Máxima de 2 anos computables desde a data de inscrición.

7. Ao referirse ao arquivo de documentos, o artigo 17 da Lei 39/2015 prevé que:

- a) Cada Administración deberá manter un arquivo electrónico único dos documentos electrónicos que correspondan a procedementos finalizados, nos termos establecidos na normativa reguladora aplicable.
- b) Cada Administración deberá manter un arquivo electrónico único dos documentos electrónicos que correspondan a procedementos en tramitación, nos termos establecidos na normativa reguladora aplicable.
- c) Cada Administración poderá manter arquivos electrónicos para todos e cada un dos documentos electrónicos que correspondan a procedementos en tramitación ou finalizados, nos termos establecidos na normativa reguladora aplicable.

8. O artigo 69 da Lei 39/2015 dispón que, para os efectos desta lei, se entenderá por declaración responsable:

- a) O documento suscrito por un interesado no que este manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para obter o recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio e que dispón da documentación que así o acredita.
- b) O documento mediante o que os interesados poñen en coñecemento da Administración pública competente os seus datos identificativos ou calquera outro dato relevante para o inicio dunha actividade ou para o exercicio dun dereito.

- c) O documento subscrito por un interesado no que este se responsabiliza dos danos e perdas ocasionados como consecuencia do desenvolvemento dunha actividade.

9. Segundo o artigo 70 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cal dos seguintes documentos forma parte dun expediente administrativo?:

- a) As notificacións aos interesados.
- b) As notas de apoio técnico dunha resolución.
- c) Os informes internos de carácter auxiliar.

10. O artigo 78 da Lei 39/2015 regula a práctica da proba e dispón que a Administración lles comunicará aos interesados o inicio das actuacións necesarias para a realización das probas que fosen admitidas:

- a) Con 48 horas de antelación.
- b) Cun mínimo de 3 días de antelación.
- c) Con antelación suficiente.

11. Segundo o artigo 81 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos procedementos de responsabilidade patrimonial en que sexa preceptivo o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo autonómico, este emitirase no prazo de:

- a) Un mes.
- b) Dous meses.
- c) Tres meses.

12. De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, poñerán fin ao procedemento (sinale a resposta correcta):

- a) A renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia estea prohibida polo ordenamento xurídico.

- b) A desistencia.
- c) A declaración de prescripción.

13. Segundo o artigo 89 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando na instrución dun procedemento sancionador se poña de manifesto a inexistencia dos feitos que puidesen constituír a infracción:

- a) O órgano instructor resolverá a finalización do procedemento, co arquivo das actuacións, e será necesaria a formulación da proposta de resolución.
- b) O órgano instructor resolverá a finalización do procedemento, co arquivo das actuacións, sen que sexa necesaria a formulación da proposta de resolución.
- c) O órgano instructor resolverá a finalización do procedemento, coa declaración de caducidade, sen que sexa necesaria a formulación da proposta de resolución.

14. Segundo o artigo 96 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a tramitación simplificada do procedemento poderase acordar:

- a) De oficio ou a solicitude do interesado.
- b) Só de oficio.
- c) Só a solicitude do interesado.

15. Segundo o artigo 96 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na tramitación simplificada do procedemento, o trámite de audiencia darase:

- a) Unicamente cando a resolución vaia ser favorable para o interesado.

- b) Unicamente cando a resolución vaia ser favorable para o interesado por declaración de caducidade do procedemento.
- c) Unicamente cando a resolución vaia ser desfavorable para o interesado.

16. Segundo o artigo 98 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando pola finalización do procedemento administrativo naza unha obrigaón de pago derivada dunha sanción pecuniaria, esta efectuarase preferentemente, salvo que se xustifique a imposibilidade de facelo:

- a) Utilizando unha tarxeta de crédito e débito.
- b) Utilizando un cheque persoal.
- c) Utilizando o pago en especie.

17. En relación coa revogación de actos e coa rectificación de erros, o artigo 109 da Lei 39/2015 dispón (sinala a resposta incorrecta):

- a) As administracións públicas poderán revogar, mentres non transcorrese o prazo de caducidade, os seus actos de gravame ou desfavorables.
- b) A revogación será posible sempre que non constituía dispensa ou exención non permitida polas leis, nin sexa contraria ao principio de igualdade, ao interese público ou ao ordenamento xurídico.
- c) As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

18. Segundo o artigo 118 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando deban terse en conta novos documentos non recollidos no expediente orixinario, poñeranse de manifesto aos interesados para que formulen alegacións:

- a) Por un prazo non inferior a dez días nin superior a quince.
- b) Por un prazo non inferior a quince días nin superior a vinte.

- c) Por un prazo non inferior a vinte días nin superior a trinta.

19. Segundo o artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nunha encomenda de xestión, a entidade ou órgano encomendado terá, en todo caso:

- a) A condición de encargado do tratamento dos datos de carácter persoal aos que puidese ter acceso en execución da encomenda de xestión.
- b) A condición de responsable do tratamento dos datos de carácter persoal aos que puidese ter acceso en execución da encomenda de xestión.
- c) A condición de delegado de protección de datos de carácter persoal aos que puidese ter acceso en execución da encomenda de xestión.

20. Segundo o artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ¿cal dos seguintes principios deberán respectar na súa actuación e relacións as administracións públicas?:

- a) Servizo eficiente aos cidadáns.
- b) Planificación e dirección por resultados e control da xestión e avaliación dos medios das políticas públicas.
- c) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.

21. De conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as responsabilidades administrativas que se deriven da comisión dunha infracción serán compatibles coa esixencia ao infractor da:

- a) Indemnización polo lucro cesante.
- b) Reposición da situación alterada ao seu estado orixinario ou a indemnización polos danos e perdas causados.
- c) Reposición da situación alterada por el ao seu estado orixinario, así como a indemnización polos danos e perdas causados.

22. O artigo 34 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que, nos supostos en que a contía da indemnización se actualice ata a data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade patrimonial, farase:

- a) Conforme ao índice de prezos ao consumo (IPC).
- b) Conforme ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).
- c) Conforme ao índice de garantía da competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estatística.

23. Segundo o artigo 37 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a esixencia de responsabilidade penal do persoal ao servizo das administracións públicas:

- a) Non suspenderá os procedementos de recoñecemento de responsabilidade patrimonial que se instrúan, salvo que a determinación dos feitos na orde xurisdicional penal sexa necesaria para a fixación da responsabilidade patrimonial.
- b) Suspenderá os procedementos de recoñecemento de responsabilidade patrimonial que se instrúan.
- c) Non suspenderá os procedementos de recoñecemento de responsabilidade patrimonial que se instrúan, salvo que a determinación dos fundamentos de dereito na orde xurisdicional penal sexa necesaria para a fixación da responsabilidade patrimonial.

24. O artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que os convenios asinados entre dúas ou máis administracións públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes de distintas administracións públicas, denomínanse:

- a) Convenios intraadministrativos.

- b) Convenios interadministrativos.
- c) Convenios marco.

25. Segundo o artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o contido que preceptivamente debe incluír calquera convenio é o seguinte (sinale a afirmación incorrecta):

- a) Réxime de modificación do convenio, aínda que a falta de regulación expresa a modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes.
- b) Os mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- c) A cesión de titularidade da competencia para a sinatura do convenio.

26. De conformidade co previsto no artigo 147 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a conferencia sectorial é un órgano de cooperación:

- a) De composición unilateral e ámbito sectorial determinado.
- b) De composición multilateral e ámbito sectorial indeterminado.
- c) De composición multilateral e ámbito sectorial determinado.

27. O artigo 152 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ao referirse ás comisións sectoriais, indica que son o órgano de traballo e apoio de carácter xeral da conferencia sectorial e que están constituídas por:

- a) O secretario de Estado ou órgano superior da Administración xeral do Estado designado para o efecto polo ministro correspondente, que a presidirá, e un representante de cada comunidade autónoma, así como un representante da cidade de Ceuta e da cidade de Melilla.

- b) O secretario de Estado de Presidencia, que a presidirá, e un representante de cada comunidade autónoma, así como un representante da Federación Española de Municipios e Provincias.
- c) O secretario de Estado ou órgano superior da Administración xeral do Estado designado para o efecto polo presidente do Goberno, que a presidirá, e un representante de cada comunidade autónoma, así como un representante das deputacións provinciais.

28. De conformidade co artigo 153 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as comisións bilaterais de cooperación:

- a) Son órganos de cooperación de composición bilateral.
- b) Reúnen a membros do Goberno, en representación da Administración xeral do Estado, e a membros dos parlamentos autonómicos, en representación das comunidades autónomas.
- c) Unicamente exercen funcións de asesoramento.

29. En relación coa reutilización de sistemas e aplicacións de propiedade da Administración, de acordo co artigo 157 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (sinale a opción incorrecta):

- a) As administracións poñerán á disposición de calquera delas que o solicite as aplicacións, desenvolvidas polos seus servizos ou que fosen obxecto de contratación e de cuxos dereitos de propiedade intelectual sexan titulares, salvo que a información á que estean asociadas sexa obxecto de especial protección por unha norma.
- b) As administracións cedentes e cesionarias non poderán acordar a repercusión do custo de adquisición ou fabricación das aplicacións cedidas.
- c) As administracións públicas, con carácter previo á adquisición, desenvolvemento ou mantemento ao longo de todo o ciclo de vida dunha aplicación, deberán consultar no directorio xeral de aplicacións se existen solucións dispoñibles para a súa reutilización.

30. Unha das condicións que se han de cumprir para que un convenio entre a Administración xeral do Estado e unha comunidade autónoma se considere excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público é que as entidades intervenientes non teñan vocación de mercado, e establece que esta se presumirá cando realicen no mercado aberto (artigo 6 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) Unha porcentaxe igual ou superior ao 20 por cento das actividades obxecto de colaboración.
- b) Unha porcentaxe igual ou superior ao 30 por cento das actividades obxecto de colaboración.
- c) Unha porcentaxe igual ou superior ao 50 por cento das actividades obxecto de colaboración.

31. De acordo co artigo 10 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os contratos relativos a servizos financeiros relacionados coa emisión, compra, venda ou transferencia de valores:

- a) Están incluídos no ámbito de aplicación da lei.
- b) Están parcialmente incluídos no ámbito de aplicación da lei.
- c) Están excluídos do ámbito da presente lei.

32. Cal dos seguintes tipos de contratos non está suxeito a regulación harmonizada segundo o artigo 19 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público?:

- a) Os contratos de concesión adxudicados para a subministración de enerxía eléctrica.
- b) Os contratos de obra, en todo caso.
- c) Os declarados secretos ou reservados.

33. A teor do disposto polo artigo 16 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, cal dos seguintes non terá a consideración necesariamente de contrato de subministración?:

- a) Os contratos de adquisición de programas de ordenador desenvolvidos a medida.
- b) Os que teñan por obxecto a adquisición e o arrendamento de equipos e sistemas de telecomunicacións ou para o tratamento da información, os seus dispositivos e programas, e a cesión do dereito de uso destes últimos.
- c) Os de fabricación, polos que a cousa ou cousas que deban ser entregadas polo empresario teñan que ser elaboradas de acordo coas características peculiares fixadas previamente pola entidade contratante, aínda cando esta se obrigue a achegar, total ou parcialmente, os materiais precisos.

34. Dispón o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público que as entidades do sector público programarán a actividade de contratación pública, que desenvolverán nun exercicio orzamentario ou períodos plurianuais:

- a) E darán a coñecer os contratos que pretendan licitar ao longo do ano mediante a publicación dun plan anual de actuación.
- b) E darán a coñecer o seu plan de contratación ao finalizar o exercicio mediante a súa remisión ao Tribunal de Contas ou órgano autonómico equivalente.
- c) E darán a coñecer o seu plan de contratación anticipadamente mediante un anuncio de información previa.

35. Cando un contrato de servizos deba ser adxudicado pola Administración xeral do Estado, estará suxeito a regulación harmonizada se o seu valor estimado é igual ou superior a (artigo 22 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) 140.000 euros.

- b) 750.000 euros.
- c) 80.000 euros.

36. De acordo co artigo 26.1.b) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, terán a consideración de contratos privados:

- a) Os celebrados por entidades do sector privado que son poder adxudicador, pero non reúnen a condición de administracións públicas.
- b) Os celebrados por entidades do sector privado que non son poder adxudicador, e non reúnen a condición de administracións públicas.
- c) Os celebrados por entidades do sector público que son poder adxudicador, pero non reúnen a condición de administracións públicas.

37. De acordo co artigo 35 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os documentos nos que se formalicen os contratos que celebren as entidades do sector público deben incluír necesariamente a identificación das partes, salvo que:

- a) Os licitadores estean debidamente clasificados.
- b) Se trate dun contrato que se vaia adxudicar en virtude dun procedemento negociado.
- c) Xa se atopen recollidas nos pregos.

38. Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o procedemento de recurso especial en materia de contratación iniciarase mediante escrito que deberá presentarse no prazo de quince días hábiles contados (artigo 50 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) A partir do día seguinte a aquel en que se lle entregaron estes ao interesado.
- b) A partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste se indicase a forma en que os interesados poden acceder a eles.

- c) A partir do día seguinte a aquel en que o interesado puidese acceder ao contido destes a través do perfil de contratante.

39. No caso de que o órgano competente para resolver un recurso especial en materia de contratación aprecie temeridade ou mala fe na interposición do recurso ou na solicitude de medidas cautelares, poderá acordar a imposición dunha multa ao responsable desta cuxo importe será como máximo de (artigo 58 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) 50.000 euros.
- b) 30.000 euros.
- c) 60.000 euros.

40. Cal das seguintes circunstancias non está prevista como unha daquelas cuxa concorrencia determina a prohibición de contratar coa Administración daqueles que se atopen nestas? (artigo 71 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) Solicitar a declaración de concurso voluntario.
- b) No caso de empresas de 50 ou máis traballadores, non cumprir o requisito de que polo menos o 5 por cento dos seus empregados sexan traballadores con discapacidade.
- c) Ser sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia de estranxeiría.

41. Será requisito indispensable que o empresario se atope debidamente clasificado como contratista de obras das administracións públicas para os contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior a (artigo 77 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) 207.000 euros.
- b) 500.000 euros.
- c) 186.000 euros.

42. Cal dos seguintes non está previsto no artigo 87 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público como un dos medios que se pode esixir para acreditar a solvencia económica e financeira en todo tipo de contratos?:

- a) Volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato.
- b) Cociente entre activos e pasivos, ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obrigaón de aprobación de contas anuais por un importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación ou na invitación para participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, na súa falta, ao establecido regulamentariamente.
- c) Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

43. De acordo co artigo 5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a competencia dos órganos da Administración xeral da comunidade autónoma:

- a) É irrenunciable.
- b) É irrenunciable, salvo nos casos de desconcentración e delegación.
- c) É irrenunciable, salvo nos casos de desconcentración.

44. En base ao artigo 10 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, poderá encargarse a realización de tarefas a outras persoas físicas ou xurídicas de dereito privado que non reúnan a condición de medio propio da Administración ou entidade pública encomendante:

- a) Por medio de convenios, sempre que se respecten os contidos e límites da lexislación básica sobre contratación do sector público.

- b) Por medio de convenios, sempre que se trate de actividades que deban realizarse con suxeición ao dereito administrativo.
- c) Sempre que se respecten os contidos e os límites da lexislación básica sobre convenios e non estean incursas en causas de incompatibilidade.

45. Segundo o disposto no artigo 16 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en cada órgano colexiado correspóndelle á presidenta ou ao presidente:

- a) Desempeñar a representación do órgano, sempre que así se aprobe por maioría cualificada dos membros nos termos que se establezan nos seus estatutos.
- b) Asegurar o cumprimento das leis.
- c) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.

46. En base ao artigo 19 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os acordos dos órganos colexiados:

- a) Serán adoptados por maioría simple de votos, salvo que as súas normas específicas prevexan outras maiorías.
- b) Serán adoptados por maioría simple de votos, salvo que na orde do día se dispoña outra maioría para os asuntos que nel se sinalen.
- c) Serán adoptados por maioría simple de votos, salvo que a natureza do asunto aconselle unha maioría cualificada.

47. En base ao artigo 29 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a asesoría ou asesorías xurídicas da consellería:

- a) Estarán adscritas orgánica e funcionalmente á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, e figurarán na relación de postos de traballo da Secretaría Xeral Técnica da consellería na que desenvolvan as súas funcións.
- b) Estarán adscritas funcionalmente á consellería na que desenvolvan as súas funcións, e dependerán organicamente da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.
- c) Figurarán adscritas organicamente ás secretarías xerais técnicas, e dependerán funcionalmente da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

48. De conformidade co establecido no artigo 4 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, cal dos seguintes non é un principio xeral de actuación:

- a) Facer efectiva a garantía dos dereitos dixitais previstos na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- b) Garantir o uso normal da lingua castelá en todas as plataformas, procedementos e servizos da administración dixital, así como potenciar o desenvolvemento das ferramentas tecnolóxicas en castelán e en estándares abertos.
- c) Facer efectiva a participación plena de toda a cidadanía, evitando a fenda tecnolóxica e a exclusión por razóns de xénero, xeográficas, xeracionais, económicas, de diversidade funcional, culturais e sociais.

49. De conformidade co establecido no artigo 30.3 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, os asentos do rexistro deberán anotarse:

- a) Respectando a orde temporal de recepción ou saída.
- b) Respectando a orde establecida polo responsable da unidade.
- c) Non existe ningunha orde preestablecida para realizar os asentos.

50. De conformidade co establecido no artigo 74.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a tarxeta de acreditación do persoal empregado público terá unha validez indefinida:

- a) Dende o nomeamento ata o cese como persoal empregado público.
- b) Dende a toma de posesión ata a idade de xubilación forzosa.
- c) Dende a toma de posesión ata o cese como persoal empregado público.

51. De conformidade co establecido no artigo 1.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, é obxecto da dita lei:

- a) Regular o modelo de administración dixital no sector público autonómico.
- b) Regular o modelo de administración dixital no sector público estatal.
- c) Regular o modelo de administración dixital nos sectores privado e público autonómico.

52. Segundo o establecido no artigo 47.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, en relación coa obriga de relacionarse por medios electrónicos das persoas interesadas:

- a) A administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia non poderán crear de oficio a dirección habilitada única.
- b) A administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán crear de oficio a dirección habilitada única.
- c) A administración xeral poderá crear de oficio a dirección habilitada única pero as entidades do sector público autonómico de Galicia non estarán habilitadas para facelo.

53. De conformidade co establecido no artigo 18.4 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a responsabilidade dos contidos postos a dispor da cidadanía na sede electrónica da Xunta de Galicia, e relativos ao ámbito de actuación dun órgano da administración xeral da Comunidade Autónoma, será:

- a) Da secretaría xeral ou secretaría xeral técnica da consellería.
- b) Do órgano competente en materia de contidos dixitais.
- c) Do gabinete da persoa titular da consellería.

54. Segundo o recollido no artigo 27 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, incorrerán en responsabilidade, nos termos previstos por esta lei:

- a) As persoas que coa súa actuación irregular dean lugar á conversión en fixa dunha relación laboral de carácter temporal.
- b) O persoal funcionario que coa súa actuación irregular dea lugar á conversión en fixa dunha relación laboral de carácter temporal.
- c) O persoal funcionario de carreira que coa súa actuación irregular dea lugar á conversión en fixa dunha relación laboral de carácter temporal.

55. Segundo o artigo 21 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario de carreira está vinculado á Administración pública:

- a) Por unha relación estatutaria.
- b) Por unha relación legal.
- c) Por unha relación administrativa.

56. Con base no recollido no artigo 36 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, o persoal directivo:

- a) Estará sometido ao réxime disciplinario previsto nesta lei para o persoal funcionario.
- b) Estará sometido ao réxime disciplinario previsto na presente lei para o persoal funcionario, excepto nos casos que recolle o mesmo artigo.
- c) Estará sometido ao réxime disciplinario previsto nesta lei para o persoal laboral, excepto nos casos que recolle o mesmo artigo.

57. Segundo o artigo 67 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, a pena accesoria de inhabilitación especial:

- a) Produce a perda da condición de persoal funcionario respecto daqueles empregos ou cargos especificados na sentenza, cando adquira firmeza a sentenza que a impoña.
- b) Produce a perda da condición de persoal funcionario respecto a todos os empregos ou cargos que se desempeñaron, cando adquira firmeza a sentenza que a impoña.
- c) Produce a perda da condición de persoal funcionario respecto de todos os empregos ou cargos que se desempeñaron, cando se notifique a sentenza que a impoña.

58. O artigo 83 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia recolle que no deseño e establecemento polas administracións públicas dos sistemas que permitan a avaliación do desempeño de todo o seu persoal:

- a) Serán oídas as xuntas de persoal.
- b) Serán oídas as organizacións sindicais.
- c) Participarán as organizacións sindicais.

59. Segundo o recollido no artigo 75 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, a carreira vertical consiste:

- a) No ascenso desde un corpo ou escala dun subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no caso de que este non teña subgrupo, a outro superior, conforme ao establecido na sección correspondente da lei.
- b) No ascenso na estrutura de postos de traballo polos procedementos de provisión establecidos na presente lei.
- c) No ascenso de grao e de categoría profesional sen necesidade de cambiar de posto de traballo, nos termos que se establezan regulamentariamente, en desenvolvemento dos principios recollidos na sección correspondente da lei.

60. Segundo o artigo 98 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, a adscrición por motivos de saúde ou rehabilitación:

- a) Ten carácter provisional e o posto de traballo de orixe reservárase sempre que se ocupase con carácter definitivo.
- b) Ten carácter definitivo.
- c) Ten carácter provisional e o posto de traballo de orixe reservárase aínda que se ocupe con carácter provisional

61. Segundo o artigo 110 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, que permiso debe solicitar o persoal funcionario para a realización de funcións de representación do persoal?:

- a) Permiso por asuntos particulares.
- b) Permiso para o cumprimento de deberes inescusables de carácter público ou persoal, de deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral e de asistencia a consultas e revisións médicas.
- c) Permiso para a realización de funcións sindicais, de formación sindical ou de representación do persoal.

62. Segundo o artigo 91 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, no procedemento de concurso específico a valoración global dos méritos supoñerá como mínimo:

- a) O corenta e cinco por cento da puntuación máxima alcanzable.
- b) O cincuenta por cento da puntuación máxima alcanzable.
- c) O cincuenta e cinco por cento da puntuación máxima alcanzable.

63. Segundo o artigo 127 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, pódense conceder licenzas por asuntos propios sen retribución, cunha duración que, acumulada, non excederá de:

- a) Dous meses cada tres anos de prestación de servizos efectivos.

- b) Tres meses cada ano de prestación de servizos efectivos.
- c) Tres meses cada dous anos de prestación de servizos efectivos.

64. Con base no recollido no artigo 150.6 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, o proceso de negociación nas mesas de negociación do persoal funcionario abrirase, en principio, en cada mesa:

- a) Na data promovida pola representación sindical.
- b) Na data que de común acordo fixen a Administración correspondente e a maioría da representación sindical.
- c) Na data promovida pola Administración correspondente.

65. Segundo o artigo 161 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, as xuntas de persoal elixiranse:

- a) Mediante listas pechadas a través dun sistema proporcional corrixido.
- b) Mediante listas abertas e sistema maioritario.
- c) Mediante listas pechadas a través dun sistema maioritario.

66. Cal dos seguintes non está lexitimado para convocar unha reunión, segundo o recollido no artigo 163 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia?:

- a) Os delegados de prevención.
- b) Os comités de empresa.
- c) Os empregados públicos das administracións públicas respectivas en número non inferior ao corenta por cento do colectivo convocado.

67. Segundo o artigo 108 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario que faga uso do permiso por falecemento, accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica dun familiar, no caso do falecemento dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade en distinta localidade:

- a) Ten dereito a un permiso de catro días hábiles, dos que poderá facer uso de forma descontinua mentres persista o feito causante e ata o máximo de días establecido.
- b) Ten dereito a un permiso de cinco días hábiles que deberán ser consecutivos e inmediatamente posteriores ao feito que xera o dereito a este.
- c) Ten dereito a un permiso de cinco días hábiles, dos que poderá facer uso de forma descontinua mentres persista o feito causante e ata o máximo de días establecido.

68. Segundo o recollido no artigo 123.2 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, nos casos de adopción ou acollemento internacional o permiso por adopción ou acollemento pode iniciarse:

- a) Ata tres semanas antes da resolución xudicial pola que se constituía a adopción ou da decisión administrativa ou xudicial de acollemento durante as cales se percibirán exclusivamente as retribucións básicas.
- b) Ata catro semanas antes da resolución xudicial pola que se constituía a adopción ou da decisión administrativa ou xudicial de acollemento.
- c) Ata tres meses antes da efectividade da resolución xudicial pola que se constituía a adopción ou da efectividade da decisión administrativa ou xudicial de acollemento.

69. Segundo o recollido no artigo 132 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario ten dereito, por ano completo de servizos, a vacacións retribuídas de, como mínimo:

- a) Vinte e dous días hábiles anuais.
- b) Trinta días naturais anuais.
- c) Vinte e seis días hábiles anuais.

70. Segundo o literal do artigo 89 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, nos concursos para a provisión de postos de traballo:

- a) Non se incluírán os postos de traballo que teñan adscrito persoal funcionario de carreira por motivos de saúde ou por violencia de xénero.
- b) Non se incluírán os postos de traballo que teñan adscrito persoal funcionario de carreira por motivos de saúde ou rehabilitación ou por motivos de violencia de xénero ou de violencia sexual.
- c) Non se incluírán os postos de traballo que teñan adscrito persoal funcionario de carreira por motivos de rehabilitación.

71. Segundo o artigo 59 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, non poderán formar parte, entre outros, dos órganos de selección para o acceso ao emprego público:

- a) As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.
- b) As persoas que nos sete anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.
- c) As persoas que nos nove anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

72. Conforme á redacción do artigo 71 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, é un dereito individual dos empregados públicos:

- a) Recibir protección eficaz en materia de seguridade social no traballo.
- b) Recibir protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo.
- c) Recibir protección eficaz en materia de prevención de riscos no traballo.

73. O artigo 80 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia recolle que nas convocatorias de probas selectivas para o acceso á función pública, con excepción de aqueles procesos que teñan por obxecto a estabilización e a

consolidación do emprego temporal, se reservará para o persoal funcionario pertencente a corpos ou escalas do subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no caso de que este non teña subgrupo inmediatamente inferior:

- a) Un mínimo dun 25 % das prazas convocadas.
- b) Un 25 % das prazas convocadas.
- c) Ata un 50 % por cento das prazas convocadas.

74. Será requisito necesario para autorizar a compatibilidade de actividades públicas que a cantidade total percibida por ambos os postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos orzamentos xerais do Estado para o cargo de director xeral, nin supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada, para os funcionarios do grupo A2 en (artigo 7 Lei de 53/1984, do 26 de decembro):

- a) Un 35 por 100.
- b) Un 40 por 100.
- c) Un 30 por 100.

75. O persoal comprendido no ámbito de aplicación da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas non poderá exercer o desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares, nos asuntos en que interviñese (artigo 12 Lei 53/1984, do 26 de decembro):

- a) Nos dous últimos anos.
- b) Nos cinco últimos anos.
- c) Nos tres últimos anos.

76. Segundo o que se deduce do artigo 2 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, esta lei non será de aplicación:

- a) Ao persoal que preste servizos en empresas en que a participación do capital, directa ou indirectamente, das administracións públicas non sexa superior ao 50 por 100.
- b) Ao persoal que desempeñe funcións públicas e perciba as súas retribucións mediante arancel.
- c) Ao persoal ao servizo da seguridade social.

77. En base ao artigo 18 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a escolarización en centros de educación especial ou unidades substitutorias destes só se levará a cabo cando, excepcionalmente, as súas necesidades non poidan ser atendidas no marco das medidas de atención á diversidade dos centros ordinarios e tomaranse en consideración:

- a) A opinión dos pais ou tutores legais.
- b) Os informes do consello escolar.
- c) Os informes do consello escolar e dos equipos multiprofesionais de atención á discapacidade.

78. De acordo co artigo 26 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as normas técnicas sobre edificación incluírán previsións relativas ás condicións mínimas que deberán reunir:

- a) Os edificios públicos e as instalacións administrativas para permitir a accesibilidade das persoas con discapacidade.
- b) Os edificios e as vías públicas para permitir a accesibilidade das persoas con discapacidade.
- c) Os edificios de calquera tipo para permitir a accesibilidade das persoas con discapacidade.

79. En base ao artigo 2 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, existe discriminación indirecta:

- a) Cando unha persoa con discapacidade é tratada de maneira diferente por motivo ou por razón da súa discapacidade.
- b) Cando unha persoa con discapacidade é tratada de maneira menos favorable ca outra en situación análoga por motivo ou por razón da súa discapacidade.
- c) Cando unha disposición legal ou regulamentaria aparentemente neutra poidan ocasionar unha desvantaxe particular a unha persoa respecto doutras por motivo ou por razón da súa discapacidade, sempre que obxectivamente non respondan a unha finalidade lexítima e que os medios para a consecución desta finalidade non sexan adecuados e necesarios.

80. De acordo co artigo 2 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, enténdese por acoso:

- a) Toda conduta non desexada que teña como obxectivo ocasionar unha desvantaxe particular a unha persoa respecto doutras por motivo ou por razón de discapacidade.
- b) Calquera distinción, exclusión ou restrición que teña o propósito de obstaculizar ou deixar sen efecto o recoñecemento, gozo ou exercicio en igualdade de condicións polas persoas con discapacidade.
- c) Toda conduta non desexada relacionada coa discapacidade dunha persoa que teña como obxectivo ou consecuencia atentarse contra a súa dignidade ou crear unha contorna intimidatoria, hostil, degradante, humillante ou ofensiva.

81. De acordo co artigo 23 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das

persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a regulación das condicións básicas de accesibilidade e non discriminación que lles garantan os mesmos niveis de igualdade de oportunidades a todas as persoas con discapacidade corresponde:

- a) Ao Goberno, sen prexuízo das competencias atribuídas ás comunidades autónomas e ás entidades locais
- b) Ás comunidades autónomas, sen prexuízo das competencias atribuídas ás entidades locais.
- c) Ás comunidades autónomas.

82. En base ao artigo 12 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, os equipos multiprofesionais de atención á discapacidade:

- a) Son os órganos encargados de establecer os criterios para o recoñecemento da incapacidade permanente no grao de total.
- b) Son unidades da Administración xeral do Estado que actúan no ámbito de todo o territorio nacional, encargados da rehabilitación profesional.
- c) Son os órganos encargados de valorar e cualificar as situacións de discapacidade para o seu recoñecemento oficial polo órgano administrativo competente.

83. Conforme ao artigo 54 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, participarán na preparación, elaboración e adopción das decisións e, se é o caso, das normas e estratexias que lles concirnen:

- a) As persoas con discapacidade maiores de idade e as súas familias, a través das súas organizacións representativas.

- b) As persoas con discapacidade, a través das súas organizacións representativas.
- c) As persoas con discapacidade, incluídos os nenos e nenas e as súas familias, a través das súas organizacións representativas.

84. En base ao artigo 11 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, nos plans de prevención de deficiencias e de intensificación de discapacidades:

- a) Estableceranse de modo específico as accións destinadas ás zonas rurais.
- b) Non se incluírá a seguridade e saúde no traballo.
- c) Non se incluírá a asistencia xeriátrica.

85. De conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigacións específicas de información de contratación pública, facilitarase información sobre:

- a) Datos sobre os contratos subscritos, excluídos os contratos menores e os criterios interpretativos dos órganos consultivos en materia de contratación.
- b) Datos sobre os contratos subscritos, incluídos os contratos menores e os criterios interpretativos dos órganos consultivos en materia de contratación.
- c) Datos sobre os contratos subscritos, incluídos os contratos menores.

86. De conformidade co establecido no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, con relación á solicitude de acceso á información pública:

- a) A resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.

- b) A resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse no prazo máximo de dous meses desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.
- c) A resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse no prazo máximo dun mes desde a solicitude.

87. De conformidade co establecido no artigo 29.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación ao Portal de transparencia e goberno aberto, respectaranse os principios de:

- a) Gratuidade, accesibilidade, interoperabilidade e reutilización.
- b) Gratuidade, accesibilidade e reutilización.
- c) Gratuidade, accesibilidade e interoperabilidade.

88. Segundo o establecido no artigo 38.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre o bo goberno:

- a) A adhesión ao Código ético institucional da Xunta de Galicia por un alto cargo será voluntario.
- b) A Xunta de Galicia fomentará a adhesión ao Código ético institucional polos altos cargos.
- c) A adhesión ao Código ético institucional da Xunta de Galicia deberá figurar expresamente no acto de nomeamento do alto cargo.

89. De conformidade co establecido no artigo 5.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre o fomento da cultura da transparencia:

- a) A Xunta de Galicia fará público anualmente no Portal de transparencia e goberno aberto un informe aprobado pola Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación.
- b) A Xunta de Galicia fará público anualmente no seu Portal electrónico un informe aprobado pola Comisión de Información e Avaliación.

- c) A Xunta de Galicia fará público semestralmente no Portal de transparencia e goberno aberto un informe aprobado pola Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación.

90. Segundo o establecido no artigo 42.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre a compatibilidade de actividades privadas co exercicio dos altos cargos:

- a) O exercicio dun alto cargo será incompatible coas actividades privadas.
- b) O exercicio dun alto cargo será compatible con algunhas actividades privadas, sempre que co seu desenvolvemento non comprometa a imparcialidade ou independencia das súas funcións.
- c) O exercicio dun alto cargo será compatible con toda actividade privada, sempre que co seu desenvolvemento non comprometa a imparcialidade ou independencia das súas funcións.

91. Segundo o establecido no artigo 48.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o órgano competente para a xestión do réxime de incompatibilidades dos altos cargos:

- a) Denomínase Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas da Xunta de Galicia.
- b) Denomínase Oficina de Incompatibilidades da Xunta de Galicia.
- c) Denomínase Organismo de Incompatibilidades e Boas Prácticas da Xunta de Galicia.

92. Conforme ao disposto no artigo 50 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, nos cursos, xornadas ou outras actividades formativas organizadas ou financiadas pola Administración pública galega reservarase unha porcentaxe das prazas a mulleres que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria de:

- a) 25 %.
- b) 50 %.
- c) 33 %.

93. Conforme ao disposto no artigo 51 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, cando as probas de promoción interna comprendan a valoración de méritos dos candidatos e candidatas establecerase a favor destes unha puntuación específica que se graduará en función do tempo utilizado no exercicio deses dereitos a aqueles que estean a utilizar ou utilizasen unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para o coidado de familiares:

- a) Nos últimos 5 anos.
- b) Nos últimos 3 anos.
- c) Nos últimos 2 anos.

94. Segundo o disposto no artigo 1 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na adopción e execución das políticas dirixidas á eliminación de todo tipo de discriminacións contra as mulleres, a Xunta de Galicia tomará en consideración o traballo realizado por:

- a) A Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres.
- b) O Consello Galego das Mulleres.
- c) A Secretaría Xeral de Igualdade.

95. Conforme ao disposto no artigo 3 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da

Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a excepción de boa fe ocupacional aparece recollida en:

- a) A Constitución española.
- b) O Estatuto de autonomía de Galicia.
- c) Unha directiva do Parlamento Europeo.

96. Segundo o disposto no artigo 11 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras, correctas ou non, que invisibilizan o feminino ou o sitúan nun plano secundario respecto ao masculino constitúe:

- a) Uso sexista da linguaxe.
- b) Uso non sexista da linguaxe.
- c) Discriminación.

97. Conforme ao disposto no artigo 61 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a chantaxe sexual considérase:

- a) Incumprimento moi grave do persoal funcionario, estatutario ou laboral ao servizo da Administración xeral da comunidade autónoma.
- b) Incumprimento grave do persoal funcionario, estatutario ou laboral ao servizo da Administración xeral da comunidade autónoma.
- c) Incumprimento leve do persoal funcionario, estatutario ou laboral ao servizo da Administración xeral da comunidade autónoma.

98. Conforme ao disposto no artigo 58 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, sen prexuízo da

publicidade adicional que resultase conveniente á finalidade de prevención do acoso sexual, a declaración de principios será publicada:

- a) No taboleiro de anuncios de cada centro de traballo e unidade administrativa.
- b) No Diario Oficial de Galicia.
- c) Na páxina web da consellería.

99. Conforme ao disposto no artigo 54 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, as valoracións técnicas de prazas de funcionarios e funcionarias e/ou de postos de traballadores e traballadoras poderanse encargar:

- a) Ao Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia.
- b) Ao Consello Galego de Relacións Laborais.
- c) Aos órganos competentes de xestión de recursos humanos da Administración pública galega.

100. Conforme ao disposto no artigo 57 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na declaración de principios para previr o acoso sexual constarán os seguintes extremos:

- a) A publicidade das denuncias formais.
- b) A definición do acoso sexual a través de exemplos de fácil comprensión.
- c) A información da garantía de debida protección de quen denuncie e de quen testifique, en todo caso.

PREGUNTAS DE RESERVA

101. O artigo 140 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que as diferentes administracións públicas actúan e se relacionan con outras administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo co principio de (sinale a opción incorrecta):

- a) Lealdade institucional.
- b) Colaboración, entendida como o deber de actuar co resto das administracións públicas para o logro de fins comúns.
- c) Eficacia.

102. Segundo o artigo 96 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, no ámbito da Administración xeral do Estado, acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público as condicións de aptitude do empresario a inscrición:

- a) No Rexistro de Contratos do Sector Público.
- b) No Rexistro Público de Empresas Licitadoras e Empresas Clasificadas.
- c) No Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.

103. De acordo co disposto no artigo 1, da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no obxecto da lei recóllese:

- a) A regulación do exercicio da potestade regulamentaria.
- b) A regulación do exercicio de poderes da comunidade autónoma.
- c) O impulso da organización da participación da cidadanía nos asuntos públicos.

104. De conformidade co establecido no artigo 16.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, o ámbito de aplicación da sede electrónica da Xunta de Galicia abrangue:

- a) Ao conxunto de órganos e entidades que configuran o sector público estatal.
- b) Ao conxunto de órganos e entidades que configuran o sector público autonómico de Galicia.
- c) Ao sector privado e ao conxunto de órganos e entidades que configuran o sector público autonómico.

105. Cal dos seguintes non é un principio informador do réxime xurídico do persoal incluído no ámbito de aplicación da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, segundo o recollido no seu artigo 3?:

- a) Igualdade de trato entre mulleres e homes.
- b) Avaliación e responsabilidade na xestión.
- c) Seguridade dos cidadáns e respecto e deferencia a estes polas autoridades e empregados públicos.

